

A “Asociación Galega de Investigadores da Auga (AGAIA)” comunica a súa preocupación pola conservación dos ecosistemas acuáticos continentais.

Afirma que é necesario modificar a estratexia de diagnóstico do estado dos ecosistemas acuáticos para unha correcta planificación da xestión da auga.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2015.- O Día Mundial do Auga propúxose na Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento celebrada en Río de Janeiro, do 3 ao 14 de xuño de 1992. O tema para este ano 2015 é "Auga e Desenvolvemento Sostible".

Co gallo da súa celebración o vindeiro domingo, 22 de marzo, a Asociación Galega de Investigadores da Auga (AGAIA), seguindo un dos seus obxectivos estatutarios de fomentar a conservación e axeitada xestión dos ecosistemas acuáticos continentais quere facer chegar á opinión pública a súa convicción de que uns ecosistemas acuáticos ben conservados son garantía de futuro.

A auga é o produto máis consumido do mundo, pero a auga non é só un recurso limitado, se non que se trata do compoñente básico da biosfera. Os lagos e os ríos non son simples espazos por onde discorre a auga senón que son, principalmente, ecosistemas de incalculable valor por se mesmos, formados por multitude de organismos froito dunha longa evolución.

A Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo, DMA), ten entre os seus obxectivos: a prevención e a redución da contaminación, a promoción do uso sostible da auga, a protección do medio, a mellora da situación dos ecosistemas acuáticos e a atenuación dos efectos das enchentes e das secas. O seu obxectivo último é alcanzar un «bo estado» ecolóxico e químico de tódalas augas comunitarias.

Os planos dirixidos cara á consecución dos obxectivos marcados na DMA esixen un correcto diagnóstico do estado ecolóxico para que se poida asegurar a restauración dos ecosistemas alterados. Daquela, faise necesario que a definición e avaliación do estado ecolóxico das nosas masas de auga sexan consistentes e acordes cos principios e procedementos baseados na investigación científica e no coñecemento preciso das nosas augas. Sen embargo, por vicios nos procedementos e motivacións burocráticas estanse a aplicar métodos de análise

con importantes déficits na sensibilidade, precisión, e fidelidade que conducen a solucións abondo improvisadas, as veces de graves consecuencias.

No momento actual está aberto un novo ciclo de planificación (2015-2021) que require unha análise crítica da situación e, en moitos casos, unha reconsideración do xeito de abordar a planificación estratéxica a longo prazo e a planificación operativa a curto e medio prazo que permita avaliar axeitadamente a situación actual con ferramentas de diagnóstico científico-técnicas contrastadas.

A Planificación Hidrolóxica concíbese como o instrumento fundamental para a xestión dos recursos hídricos a través do que se ten que formar un vínculo entre a situación actual e un futuro onde exista un aproveitamento racional dos recursos, tratando de garantir a calidade ecolóxica das masas de auga. Porén, as distintas competencias político-administrativas son responsables da falta de integración coas políticas territoriais e sectoriais das que depende a materialización real dos obxectivos da nova política de augas. Así, é frecuente, no ámbito galego, a constatación de que pola inercia e continuidade de actuacións non coherentes coas novas formulacións, persisten políticas que tratan de rebaixar os obxectivos ambientais, en lugar de restrinxir os usos abusivos que se están a suceder.

Calquera proxecto que implique un uso importante de auga ten que ter en conta, de forma sistemática, os riscos ambientais e as incertidumes derivadas da utilización do recurso, especialmente no que concirne ao funcionamento dos ecosistemas sobre os que se asenta. Así, a contaminación e as carencias locais de auga deben ser resolvidas sen presupostos de crecemento indefinido, senón que debe imporse unha lóxica conservacionista e de xestión tendente ao aforro do recurso.